

SENDA NA PO-221.
TREITO: ALENDE - A ESPEDREGUEIRA (MORAÑA)

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é definir e valorar os traballos necesarios para a execución dun itinerario peonil e ciclista na marxe dereita da estrada PO-221: Caldas (N-640) - Campo Lameiro (PO-223); entre os núcleos de Alende (PQ 6+260) e A Espedregueira (PQ 6+800), no concello de Moraña, provincia de Pontevedra.

Tamén se levarán a cabo actuacións na drenaxe mediante a execución dunha rede de colectores e sumidoiros e gabias de seguridade.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional PO-221 pertence á rede Local da RAEG.

3. Descrición da Actuación

A actuación engloba a construción dunha senda de formigón coloreado de 2,02 m de anchura entre o PQ 6+260 e 6+800 da estrada PO-221, en Moraña. A proposta de trazado da senda tivo en conta que neste treito está prevista unha futura ampliación da sección transversal da estrada para dotala de 2 carrís de 3,3 metros (na actualidade dispón de 3,00 m) e beiravías de 0,50 m de anchura (na actualidade de 0,70 m), considerando que a ampliación se vai realizar cara a marxe dereita, evitando a afección a edificacións e peches e mantendo a plataforma existente.

O espazo entre a senda e a estrada proxéctase con formigón en masa HM-20, aproveitando o espazo para dispor sumidoiros. Entre os PP.QQ 6+360 e 6+700 dispórase unha gabiá de seguridade aproveitando o espazo existente entre a senda proxectada e o límite da plataforma actual da PO-221. Esta gabiá servirá para absorber a anchura da futura ampliación da plataforma.

4. Características técnicas

Lonxitude da senda: 520 m

Sección tipo:

A senda contará cunha anchura da zona mixta de 2,02 m (bordo incluído), manténdose a anchura da calzada existente. O espazo entre a senda e a estrada proxéctase con formigón en masa HM-20, e aproveitarase para dispoñer a rede de sumidoiros ao longo da PO-221. Entre os PP.QQ 6+360 e 6+700 dispórase unha gabiá de seguridade.

Firmes e pavimentos:

- Calzada: nas zonas onde sexa necesario actuar sobre a plataforma entre a liña branca da estrada e o comezo do bordo (beiravía) demolerase a beiravía existente e aplicárase unha capa de 20 cm de formigón en masa HM-20.

- Senda: 16 cm de formigón coloreado HF-3.5 (cor terriza) sen mallazo, sobre 20 cm de saburra artificial e bordo prefabricado de formigón remontable, sobre cama de asento de formigón HM-20 de 10 cm de espesor.

- Accesos a parcelas contiguas: 16 cm de formigón coloreado HF-3.5 (cor terriza) con mallazo, sobre 20 cm de saburra artificial e bordo de formigón remontable, sobre cama de asento de formigón HM-20 de 10 cm de espesor.

Drenaxe:

Modificarase a rede de drenaxe existente repoñendo os elementos existentes ou incorporando novos elementos :

Gabias de seguridade: gabiá de 0,09 m de profundidade e 1,00 m de anchura con pendentes 1/10 e 1/1. Esta gabiá servirá para absorber a futura ampliación da plataforma.

Colectores lonxitudinais: novos colectores de PVC de 400 mm de diámetro.

Arquetas e sumidoiros: os sumidoiros proxectados serán de 50x30 cm, con tapa de fundición e colocaranse cunha separación mínima aconsellable de 50 m e máxima de 100 m

Será necesario axustar a cota de sumidoiros, pozos ou arquetas existentes á cota final da calzada ou da beirarrúa.

Prisma de servizos: proxectase un prisma para alumeado de 45x45cm, con dous tubos de PVC de 63 mm.

Estruturas:

Executaranse 3 muros de contención de terras de perpiaño de 1,50 m de altura máxima. Do PQ 6+370 ao 6+420, do 6+650 ao 6+671 e do 6+670 ao 6+700.

5. Poboación Servida (INE 2024)

Moraña 4.110 hab.

TOTAL: 4.110 hab.

6. Concellos Afectados

Concello de Moraña

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 28 (418 m², dos cales 92 será solo urbano e 326 solo rústico) no concello de Moraña.

Solo 3.242,03 €

Bens afectados 6.938,00€

Premio de afección 5% 509,70 €

Total Expropiacións: 10.689,03 €



8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de NOVE (9) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	366.253,75 €
Orzamento de Expropiacións	10.689,03 €
Orzamento de Seguimento Arqueolóxico	2.500,00 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	379.442,78 €


PLANO DE SITUACIÓN




PLANTA



SECCIONES



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL CON CUNETAS



SECCIÓN TIPO SENDA PEATONAL CON MURO Y CUNETA

